



BONO ALUGUEIRO MOCIDADE

ADVERTENCIA IMPORTANTE PARA TODAS AS PERSOAS QUE SOLICITEN A AXUDA

As solicitudes tramítanse e resolven por orde de presentación no rexistro, sempre que a solicitude e a documentación estean completas e ata o esgotamento do crédito orzamentario. Por tanto deberá entenderse como data de presentación cando se dispoña de toda a documentación esixida.

PREGUNTAS FRECUENTES

1. Cando se poderá solicitar a axuda?

O prazo para presentar solicitudes comeza o 28/02/2025

2. Cando remata o prazo de presentación de solicitudes?

O 28/03/2025 ou, de ser o caso, no momento do esgotamento do crédito orzamentario.

3. Como podo solicitar a axuda?

Obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

4. Para quen son estas axudas?

Para persoas menores de 36 anos con escasos medios económicos.

5. No caso de pisos compartidos quen pode solicitar a axuda?

Poderá solicitar a axuda cada unha das persoas que convivan na vivenda se cumpre todos os requisitos.

6. Podo solicitar a axuda se aínda non teño a vivenda nin o contrato?

Sí, sempre que estea en condicións de subscribir un contrato e achegue un



compromiso asinado pola persoa arrendadora e arrendataria/s da formalización dun contrato de alugamento ou cesión (neste caso, deberá achegar o contrato no **prazo máximo de 3 meses** contado desde a notificación de resolución de concesión da axuda).

Este compromiso deberá conter os seguintes **datos**:

- O importe da renda ou prezo da cesión individualizado, sen incluír os anexos da vivenda e gastos de comunidade.
- O concello onde se localice a vivenda.
- A referencia catastral da vivenda.
- As persoas arrendatarias que subscribirán o dito contrato.

7. Hai unha duración mínima do contrato de cesión ou alugamento de habitación?

Non hai unha duración mínima. A duración do contrato será a pactada polas partes.

8. Cal é o importe máximo da renda mensual ou prezo de cesión?

- No caso de vivendas situadas nos concellos de A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra: 700 € vivenda / 350 € habitación.
- No caso de vivendas situadas nos concellos de Ames, Arteixo, Cambre, Carballo, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Ribeira, Lugo, A Estrada, Cangas, Lalín, Marín, O Porriño, Pontearreas, Redondela e Vilagarcía de Arousa: 600 € vivenda / 300 € habitación.
- No caso de vivendas situadas nos concellos de Ares, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cedeira, Cee, Fene, Melide, Mugar dos, Neda, Noia, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Sada, Teo, Burela, Cervo, Chantada, Foz, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba, Viveiro, Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín, Xinzo de Limia, Baiona, Bueu, Cambados, Gondomar, O Grove, Illa de Arousa, Moaña, Mos, Nigrán, Poio, Pontecesures, Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa: 500 € vivenda / 250 € habitación.
- O resto de vivendas dos concellos de Galicia: 400 € vivenda / 200 habitación.

9. Podo pedir a axuda se vivo nun piso xestionado polo IGVS ou por calquera Administración Pública?

Si, poderán ser subvencionables todas as vivendas, tanto libres como protexidas.



10. Podo ser beneficiario da axuda se o piso no que estou alugado é dun familiar meu?

Non pode ser beneficiario da axuda se ten parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade coa persoa arrendadora ou cedente da vivenda.

Exemplos de parentesco:

- Primeiro grao: fillos, cónxuxe, pais, sogros, xenros e noras.
- Segundo grao: avós, irmáns, netos e cuñados.

11. Podo ser beneficiario da axuda se unha persoa que convive comigo é propietaria doutra vivenda en España?

Non poderá ser beneficiario, salvo que a persoa que convive acredite a non dispoñibilidade da vivenda por causa de separación ou divorcio, por calquera outra causa allea á súa vontade ou cando a vivenda resulte inaccesible por razón de discapacidade da persoa titular ou algunha outra persoa da unidade de convivencia.

12. Se a miña vivenda non ten referencia catastral individualizada, que fago?

Deberá aportar a referencia catastral do edificio.

13. Teño que estar empadroado na vivenda para solicitar a axuda?

Ten que estar empadroado se dispoño dun contrato de alugamento ou cesión de uso.

14. Que tipo de certificado de empadramento teño que solicitar do concello?

Ten que solicitar un certificado ou volante de empadramento **colectivo** no que conste, á data da solicitude, as persoas que teñen o seu domicilio habitual e permanente na vivenda obxecto do contrato.

Admitiranse os certificados expedidos dentro dos tres meses anteriores á data de presentación da solicitude.

No caso de que na vivenda resida unicamente a persoa solicitante, o certificado deberá facer constar expresamente esta circunstancia, non sendo válidos os certificados de empadramento individuais.

15. Teño que estar a traballar para solicitala?

Non necesariamente, para solicitar a axuda é necesario dispoñer dunha fonte regular



de ingresos que lle reporte unhas rendas anuais.

16. Quen dispón dunha "Fonte regular de ingresos"?

Aquelas persoas que traballen por conta propia ou allea, o persoal investigador en formación e as perceptoras dunha prestación social pública periódica, sempre que poidan acreditar unha vida laboral de:

- Polo menos, 3 meses de antigüidade, nos 6 meses inmediatamente anteriores ao momento da solicitude.
- Ou unha duración prevista da fonte de ingresos de, polo menos, 6 meses, contados desde o día da súa solicitude.

17. Que documentación debo achegar para acreditar a fonte regular de ingresos?

- Contrato de traballo por conta allea, de ser o caso.
- Contrato de persoal investigador en formación, de ser o caso.
- Certificado acreditativo da percepción dunha prestación social pública de carácter periódico, contributiva o asistencial, de ser o caso.
- Calquera outra documentación que xustifique algunha das fontes regulares de ingresos (por exemplo, resolución de concesión dunha bolsa).

A vida laboral comprobarase electronicamente sempre que a persoa solicitante non se opoña á súa consulta.

18. Existe un mínimo de ingresos?

Non.

19. Existe un máximo de ingresos?

Si, os ingresos teñen que ser iguais ou inferiores a **3 veces o IPREM** (25.200,00 €).

20. De que persoas se computarán os ingresos?

Con carácter xeral, computaranse os ingresos de todas as persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda, salvo as excepcións previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.



21. En que casos só se teñen en conta os ingresos individuais da persoa solicitante?

- No suposto de alugamento de habitación.
- No caso de que na vivenda convivan, ademais da persoa solicitante, outra/s persoas e concorran os seguintes requisitos:
 - Que no momento de solicitar a axuda, ningunha das persoas que conviva na vivenda teña entre si parentesco en primeiro grao de consanguinidade ou ben todas elas teñan menos de 36 anos.
 - Que todas elas subscriban o contrato de alugamento.

22. Que ingresos se teñen en conta?

Teranse en conta os ingresos do período impositivo con prazo de presentación vencido na data de presentación da solicitude (2023).

23. Como se calculan os ingresos máximos para acceder a axuda?

No suposto que de que as persoas ás que se refire o cómputo fixesen a declaración da renda en 2023 terase en conta o importe das casañas 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) da declaración da renda correspondente ao período impositivo con prazo de presentación vencido na data de presentación da solicitude (2023).

Se a fonte regular de ingresos da persoa solicitante consistira en actividades empresariais, profesionais ou artísticas, a acreditación das rendas referiranse ao rendemento neto da dita actividade económica, calculado con carácter previo á aplicación das reducións previstas no artigo 32 de Lei 35/2006, do 28 de novembro, correspondentes á declaración presentada pola persoa solicitante, relativa ao período impositivo vencido á solicitude (2023).

No caso de que **non fixeran a declaración da renda nese ano**, deberán presentar o anexo III (declaración responsable de ingresos) acompañado da correspondente xustificación documental.

24. Cal é a contía da axuda?

250 euros mensuais, co límite da renda mensual, do prezo da cesión ou, de convivir con outras persoas, do importe que lle corresponda satisfacer á persoa



beneficiaria.

25. No caso de pisos compartidos cal é o importe da axuda que me correspondería?

250 euros mensuais, co límite do importe que lle corresponda satisfacer á persoa beneficiaria.

Exemplos:

a) Vivenda situada en Ames, cunha renda de 500 €, con 2 titulares:

Corresponderíalle a cada persoa beneficiaria unha axuda de 250 € mensuais.

b) Vivenda situada en Ames, cunha renda de 400 €, con 2 titulares:

Corresponderíalle a persoa beneficiaria unha axuda de 200 € mensuais.

c) Vivenda situada en Ames, no contrato establécese unha renda de 400 €, especificando que un titular paga 250 € e o segundo 150 €:

Corresponderíalle ao primeiro titular unha axuda de 250 € e ao segundo unha axuda de 150 €.

26. Que duración ten a axuda?

A axuda terá unha duración de 2 anos e, en ningún caso, poderán concederse axudas con posterioridade ao 31 de decembro de 2026.

Exemplo: se unha persoa ten un contrato de alugamento asinado o 1 de setembro de 2025, unicamente percibirá a axuda durante 16 meses ata o 31 de decembro de 2026.

27. No momento de presentar a solicitude teño 35 anos. Cobrarei a axuda durante os 2 anos?

Sí, o requisito é ter menos de 36 anos no momento de solicitar a axuda.

28. Teño que presentar os anexos II e, de ser o caso, III se as persoas que conviven comigo non van solicitar a subvención?

Sí, os anexos II e, de ser o caso, III deben presentarse nos casos de que na vivenda



residan ou vaian residir outras persoas ademais da solicitante, independentemente de que vaian solicitar a subvención.

29. Que ocorre se cambia a miña situación económica?

É obrigación dos beneficiarios manter os requisitos durante todo o prazo de concesión da axuda e comunicar calquera modificación das condicións, no prazo máximo de 10 días, contado desde o momento no que se produza a dita modificación.

30. Esta axuda é compatible con outras axudas que cobro ou pedín?

Esta axuda é incompatible con outras axudas que teñan como finalidade o pagamento do alugueiro ou cesión. Poderán ser compatibles nos seguintes supostos:

- Axudas para esa mesma finalidade a persoas beneficiarias especialmente vulnerables.
- As persoas perceptoras de prestacións non contributivas da Seguridade Social nin as persoas beneficiarias do Ingreso Mínimo Vital.
- As axudas ao alugueiro do programa de axudas ás persoas mozas e mozos e para contribuír ao reto demográfico.

31. No caso de pisos compartidos só un paga a totalidade do alugueiro ou cesión ao propietario ou administrador e o resto pagámoslle ao noso compañeiro, como xustifico o pagamento?

Terase que achegar os recibos xustificativos do pago do alugueiro xunto dun escrito de conformidade de que o pago o realiza unha única persoa en nome das restantes persoas arrendatarias ou cesionarias que conviven na vivenda.

32. Poden pagarme a renda desde o 1 de xaneiro de 2025 ou desde meses anteriores á presentación da solicitude?

Sí, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que o contrato estivese vixente nesa data.
- Que marque no anexo I esa data como "Data de efectos económicos".
- Que presente os documentos bancarios acreditativos do pagamento da renda desas mensualidades, xunto coa solicitude ou no prazo de 10 días contado desde o día seguinte á data de notificación da resolución de concesión.



33. En que momento teño que achegar os xustificantes do pagamento do alugueiro?

Se no momento de solicitar a axuda ten un contrato de alugamento en vigor deberá achegar os xustificantes de pago dende a data de efectos económicos que sinale na solicitude.

Unha vez que se lle notifica a resolución de concesión, ten un prazo de 10 días dende o día seguinte á data de notificación para achegar os xustificantes que non presentase con anterioridade.

As xustificacións dos pagos posteriores á notificación da resolución de concesión realizaranse cunha periodicidade trimestral e deberá achegarse no prazo de 10 días dende o seguinte á finalización do trimestre correspondente.

En ningún caso se admitirán como xustificación os recibos de pagamentos realizados en metálico.

Actualizado a febreiro 2025